

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE MAIO DE 2021**

Ás 11:05 horas do día 14 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 2c)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 2b, 4, 5b, 6c, 9a, 10b, 11a, 11c e 13)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 9b e 10c)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5a e 6b)  
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
6. UTE SERANCO S.A. - ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACION Y VIALES S.L.
7. VÁZQUEZ Y REINO, S.L.
8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
4. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
5. ORECO, S.A.U.
6. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
7. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
8. UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
9. VÁZQUEZ Y REINO, S.L.
10. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

**c) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ANDRES FERREIRA TOBÍO (lotes 3, 4, 6, 7 e 8)
2. JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (lotes 3 e 8)
3. JUAN MANUEL BERNANDÉZ LASTRA\*
4. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11)
5. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4)
6. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 7)
7. TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lotes 1, 6, 9, 10 e 11)
8. ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 4, 5, 6 e 9)
9. ATLANTICA DE HOSTELERIA 2012, S.L. (lotes 4, 5, 6, 7, 8 e 9)
10. DAMIAN CURRAS TOREA (lote 1)
11. DRINKS ATLANTIC, S.L. (lotes 4, 5, 6, 7, 8 e 9)

\* No DEUC indica que concorre ao lote 4 pero na Plataforma de Contratos do Sector Público consta que se presenta ao lote 5.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 1, 2 e 3): non cumprimenta as partes III "Motivos de exclusión" e IV "Criterios de selección" do DEUC, polo que deberá presentar un novo DEUC coas partes III e IV debidamente cumprimentadas.  
Para os efectos de facilitarlle a emenda desta documentación, indícaselle que na parte IV poden contestar afirmativamente á pregunta "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".
- MARIA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3 e 8): non cumprimenta dous dos motivos de exclusión recollidos na parte III "Motivos de exclusión" do DEUC (relativos a corrupción e participación na preparación deste procedemento), polo que deberá presentar un novo DEUC coa parte III debidamente cumprimentada.
- LUIS AGRA LAREO (lote 9): non presenta o DEUC esixido na cláusula 5.2 do PCAP, polo que deberá presentalo debidamente cumprimentado.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 8 de maio de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 11 de maio de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a tres dos licitadores para que puidesen emendar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

- Propón como prezo mensual sen IVE de aluguer dos dispositivos de impresión incluídos no PPT o de 5.574,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.170,57 euros, o que supón un prezo total de 6.744,72 euros.

- Comprométese a que o hardware dos dispositivos de impresión a subministrar reunirá as seguintes características:

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de impresión (en PPM)	43	40	35	35	30	120

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Memoria (en MB)	2000	4096	2000	2000	2000	16000

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT				
	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6	Tipo 7
Finalizadores (indicar nº)				1	

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Capacidade de carga de papel dos equipos (nº follas)	500	600	500	1200	1200	9000

Característica	Tipo dispositivo segundo o PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de resposta da primeira impresión (en frío) (en segundos)*	5	8	6	4,3	4,5	2,6

\* Velocidade = 1 folla/segundos

- Propón como prezo das copias en branco e negro o de 0,00594576 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00124861 euros, o que supón un prezo total de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

0,00719437 euros.

- Propón como prezo das copias en cor o de 0,04162030 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00874026 euros, o que supón un prezo total de 0,05036056 euros.

- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte táboa (IVE incluído):

Tipo dispositivo (i)\aluguer mensual ano(j)	Aluguer j=1 (Primeiro ano)	Aluguer j=2 (Segundo ano)	Aluguer j=3 (Terceiro ano)	Aluguer j=4 (Cuarto ano)	Aluguer j=5 (Quinto ano)
i=1(Tipo 1)	6,18 €	6,18 €	6,18 €	3,09 €	3,09 €
i=2(Tipo 2)	14,02 €	14,02 €	14,02 €	7,01 €	7,01 €
i=3(Tipo 3)	12,08 €	12,08 €	12,08 €	6,04 €	6,04 €
i=4(Tipo 4)	46,06 €	46,06 €	46,06 €	23,03 €	23,03 €
i=5(Tipo 5)	43,73 €	43,73 €	43,73 €	21,86 €	21,86 €
i=6(Tipo 6)	394,84 €	394,84 €	394,84 €	197,42 €	197,42 €
i=7(Tipo 7)	53,37 €	53,37 €	53,37 €	26,68 €	26,68 €

- Propón os seguintes valores de consumo enerxético para cada un dos tipos de dispositivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 :

- Tipo 1: 0,74 Kw/semana
- Tipo 2: 0,42 Kw/semana
- Tipo 3: 0,49 Kw/semana
- Tipo 4: 0,45 Kw/semana
- Tipo 5: 0,34 Kw/semana
- Tipo 6: 17,66 Kw/semana

Asiste á apertura D. Ángel Núñez Galbán con DNI \*\*. \*33.17\*, en representación de SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.

En aplicación dos criterios previstos na cláusula 18 do PCAP, compróbase que a oferta de SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. non contén valores anormais. Ao ser o único licitador admitido neste procedemento outórgaselle a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



	Licitador	Redución prezo mensual aluguer	Caract. do hardware	Prezo copias en branco e negro	Prezo das copias en cor	Prezo equipamento a maiores do solicitado	Criterios medioamb	Total
1	SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	25 puntos	10 puntos	10 puntos	15 puntos	10 puntos	4 puntos	74 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a súa puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	26 puntos	74 puntos	100 puntos

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	282.527,92 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	317.476,99 €
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL	335.454,91 €
4	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	293.475,82 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	283.587,16 €
6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	301.710,06 €
7	NAROM SL	281.158,70 €
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	279.708,86 €
9	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	284.275,83 €
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	278.440,26 €

Asisten á apertura: D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI **\*\*.\*13.54\***, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN e D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI **\*\*.\*04.04\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### **“Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 6 de maio de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*”, así como o informe rectificativo do anterior de data 12 de maio.

A Mesa acepta, por unanimidade o informe rectificativo e acorda propoñer a exclusión deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais sen que presentara xustificación dentro do prazo concedido para o efecto.

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 7 de maio de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	95,31
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,01
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,08
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	91,72
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,54
6	DESMACO, S.L.	81,28

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (B-27.815.182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	93,09
2	VIVEIROS ADOA S.L.	80,40

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**d) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a tres dos licitadores para que puidesen emendar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación informa que con data do 26 de abril de 2021 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. a resolución de clasificación e o requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 7 de maio de 2021, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. para que poida emenda a acreditación da solvencia:

- Solvencia técnica: o licitador presenta diversos certificados relativos a obras executadas en máis dunha anualidade, polo que non é posible comprobar se posúe a solvencia técnica esixida (426.116,78 euros) nun só ano dos últimos 5, como esixe a cláusula 8 do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



- Solvencia económica: o licitador achega documentación acreditativa do volume de negocios dos exercicios 2018 e 2019 por un importe inferior ao esixido na cláusula 8 do PCAP (422.595,16 euros). De conformidade coa citada cláusula o licitador deberá ter un volume de negocios por importe igual ou superior ao citado nun dos tres últimos anos, polo que poderá emendar a súa solvencia económica a través das contas de 2020, sempre que o seu importe sexa igual ou superior ao importe citado.

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 24 de febreiro de 2021 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 1 de marzo de 2021.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 99.944,51€, que inclúe un IVE de 9.085,86€ , o cal se imputará á partida 1710.2279903 "Desinfección de parques infantís e control de aforo COVID", do vixente orzamento 2021.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	87,75
2	OTRAPLASA, S.L.	81,38
3	AGRONERGA, S.L.	72,70

**Segundo.-** Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 6 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida os días 10 e 12 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e as proposicións avaliábeis a través de fórmula de datas 20 e 30 de abril de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446) por un prezo total de 99.944,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.085,86 euros, e cunha porcentaxe de desconto único de aplicación ao prezo unitario fixado no apartado 3.G do Anexo I - FEC- do PCAP do 12,088%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### c) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 15.01.2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "OITO MILLÓNS CATROCENTOS MIL EUROS" (8.400.000,00€), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.457.851,24 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 (Contrato de mantemento de viais e espazos públicos), de acordo coas seguintes anualidades:*

2021	1,400,000.00 €
------	----------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



2022	2,100,000.00 €
2023	2,100,000.00 €
2024	2,100,000.00 €
2025	700,000.00 €
TOTAL	8,400,000.00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 5 de maio de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,81
2	UTE MANTEN, S.L. e ACEINSA MOBILIDAD, S.A.	91,93
3	UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) e ORECO, S.A.U.	88,20
4	S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACION (GESECO)	86,10
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85,86
6	UTE ACCIONA e OBRAS, PAVIMENTOS, E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	85,78
7	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	83,08
8	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. e CONSTRUCCIONES FECHI	82,19
9	API MOVILIDAD, S.A.	80,17





**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 11 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de abril e 5 de maio de 2021, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021, de ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 5 de maio de 2021.
2. Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) coas seguintes condicións:
  - O prezo total do contrato é de 8.400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.457.851,24 euros, cunha porcentaxe de desconto do 24,52% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no Anexo III do PPT.
  - Propón 700 Km. de vias percorridos con fotografado de imaxes 360º e escaneado 3D, mediante Lidar Terrestre de vias municipais, con emprego de vehículo Mobile Mapping.
  - Propón 600 Km. de carril percorrido e xeración de mapa de estado dos vias en tempo real con Intelixencia Artificial, de acordo coas esixencias previstas no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

### 13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 8 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 13 de abril de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de maio.

**Terceiro.-** Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 12 de maio de 2021 non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Único.-** Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

"A sensu contrario", o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 12 de maio de 2021, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441) por non terse presentado ningunha proposición".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:21	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A848-5HDB38-2FD3C8-J49HNW-GAQPY3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		